

Airiños de Fene premia a “defensa da cultura do país” do Toxos e Froles

DOMINGO, 26 DE SEPTIEMBRE DE 2010 00:00



REDACCIÓN > FERROL

A XXIII Xuntanza de Gaiteiros de Airiños de Fene estará dedicada ó Toxos e Froles. Celebrarase o sábado 2 de outubro, no local da sociedade cultural Agarimo, en Sillobre, e contará coa presenza do coro ferrolán – decano de Galicia–, así como con Cántigas da Terra, formado na Coruña en 1916.

“O Toxos é unha entidade que ten 95 anos de historia e por ese feito xa é merecedor do

noso recoñecemento”, explica Valentín García Modrón, presidente de Airiños. “Ademais, sempre cantaron en galego, pasando por diferentes réximes políticos, e sempre defenderon a cultura do noso país. Aínda por riba, son os nosos veciños”, engade para explicar a decisión da agrupación fenesa.

O acto de homenaxe estará presentado polo ferrolán Pedro Blanco Llano, na actualidade xerente da Fundación Carlos Casares e moi vencellado ó Toxos. Nel actuará, xunto co coro ferrolán, outra das agrupacións históricas, Cántigas da Terra, da Coruña, que aportará tamén o seu grupo de zanfonas. Os anfitrións, pola súa parte, alternarán as actuacións da banda de gaitas e do grupo de cantareiros.

A música comezará a soar ás oito da tarde (con entrada libre) e, ó seu remate, darase paso á parte máis formal da homenaxe, cos recoñecementos e a entrega de agasallos.

Airiños de Fene celebra esta Xuntanza desde hai máis de vinte anos para recoñecer o traballo en prol da cultura e da música galega de distintas persoas e institucións. En 2009 rendeuse homenaxe a María Manuela e Xoán Rubia e en recentes ocasións a honra recaeu sobre Leilía, Mini e Mero, Antón Corral, Emilio Españadero ou Saraibas. O evento celebrouse nas súas primeiras edicións no xa desaparecido cine Perla, para pasar á praza do Concello e asentarse agora no local da sociedade Agarimo, en Sillobre. Para organizar esta festa contan co apoio do goberno local e da Deputación da Coruña.

Presenza histórica > En Sillobre coincidirán dous coros históricos, nados a raíz da toma de conciencia sobre a cultura e a identidade galega de comezos do século XX. O Toxos xurdiu en 1914 por iniciativa do gaiteiro Manuel Lorenzo Barja, que acompañara á orquestra ferrolá de punteo Airiños da Miña Terra nunha xira por Cataluña en 1907, na que tamén ía un coro vestido ó xeito tradicional. En xaneiro de 1915 o Toxos quedou constituído como tal e en maio dese mesmo ano tocaron no Jofre. No verán interpretaron por primeira vez o Himno Galego, coa coral El Eco da Coruña. En 1922 realizaron a súa primeira gravación, recentemente editada en formato dixital. Pouco despois, en 1928, foilles outorgado o título de Real tras actuar ante o Afonso XIII. Na actualidade está presidido por Arturo Lamas.

Cántigas da Terra naceu un ano despois do Toxos, en 1916, ó abeiro do impulso de recuperación da identidade propia que supuxeron as Irmandades da Fala.